

Expediente: Selección dun arquitecto/a ao abeiro da OEP 2010
 Grupo/subgrupo: A/A1
 Denominación: Arquitecto
 Prazas: 1
 Titulación: Arquitectura
 Provisión: Concurso-oposición
 Quenda: Libre
 Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos.
 Trámite: PUBLICACIÓN da Resolución da Alcaldía do 04/04/2014 pola que se aproba definitivamente da dita lista

Conforme ao disposto no artigo 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, procédese a publicar a Resolución da Alcaldía do 04/04/2014 pola que se aproba a LISTA DEFINITIVA de admitidos e excluídos no proceso selectivo:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LOGO DE VER a Resolución da Alcaldía do 24/02/2014, pola que se aproba provisionalmente a lista de admitidos e excluídos que presentaron solicitudes para participar no proceso selectivo para cubrir unha praza de arquitecto mediante concurso-oposición, quenda libre (BOP núm. 47, do 11/03/2014).

LOGO DE VER as alegacións á dita resolución que formula Antonio Corrochano Corrochano o 21.03.2014 (rexistro de entrada da Delegación do Goberno en Galicia núm. 4322.RG622136 do 21.03.2014; rexistro de entrada do Concello de Oroso núm. 1153 do 25/03.2014), polo que solicita que se lle admita definitivamente como admitido e non como excluído, xa que figura como tal no proceso selectivo por non ter achegado no prazo indicado para elo a solicitude de participación.

TENDO EN CONTA que a súa solicitude presentouse o día 23/08/2013 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Edificio Administrativo de Monelos) con rexistro de entrada número 121823/RX645139.

TENDO EN CONTA que a base IV das bases xerais que rexen no proceso selectivo (BOP 248 do 30/12/2010), establece que as solicitudes presentaríanse no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial do Estado

TENDO EN CONTA que no BOE núm. 184 do 02/08/2013 publicouse o anuncio da convocatoria; que o cómputo do prazo iniciouse o día 03/08/2013; e que o prazo finalizou o día 22/08/2013.

TENDO EN CONTA que a solicitude presentouse o día 23/08/2013 (rexistro de entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia número 121823.RX645139).

TENDO EN CONTA que rematou o prazo de 10 días hábiles ao que se refire a base 7ª das ditas bases xerais para a corrección de erros na lista provisional de excluídos.

TENDO EN CONTA as atribucións que me outorga o artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. DESESTIMAR a alegación que formula Antonio Corrochano Corrochano con DNI 32814082M á Resolución da Alcaldía do 24/02/2014, pola que se aproba provisionalmente a lista de admitidos e excluídos que presentaron solicitudes para participar no proceso selectivo para cubrir unha praza de arquitecto mediante concurso-oposición, quenda libre (BOP núm. 47, do 11/03/2014), por non presentar a solicitude dentro do prazo establecido nas bases xerais que rexen a convocatoria nos termos que se recollen na parte dispositiva desta resolución.

SEGUNDO. APROBAR DEFINITIVAMENTE a lista de admitidos e excluídos no presente proceso selectivo:

ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI
SUÁREZ MASSÓ, BELEN	36169517Q
RODRÍGUEZ FABELLO, ANTONIO	36968061B
GONZÁLEZ OCAMPO, ROCÍO	76909597N
BANDE PORTO, MARIA ADELA	32793669Q
MONTES ROCES, MARÍA ORLINDES	76948883T
FIGUEROA NÚÑEZ, BEATRIZ	36153240T
GULÍN RIVERA, FRANCISCO	76711083B
MARTINEZ VIDAL, PAULA	36143765R
GOMEZ ARAGÓN, JULIA	35482588M



Expediente: Selección dun arquitecto/a ao abeiro da OEP 2010
 Grupo/subgrupo: A/A1
 Denominación: Arquitecto
 Prazas: 1
 Titulación: Arquitectura
 Provisión: Concurso-oposición
 Quenda: Libre
 Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos.
 Trámite: PUBLICACIÓN da Resolución da Alcaldía do 04/04/2014 pola que se aproba definitivamente da dita lista

CAAMAÑO ROIG, MARÍA	32761956C
HERRERA MELERO, RUBÉN	71136145C
LABRADOR GARCÍA, MARÍA	44813357L
CASAL VÁZQUEZ, PAULA MARÍA	36136004Z
PUEYO VARELA, MANUEL	36116849H
SUÁREZ BERMÚDEZ, MANUEL	33261514H

EXCLUÍDOS

APELIDOS E NOME	DNI	Causa de exclusión
CORROCHANO CORROCHANO, ANTONIO	32814082M	Solicitud presentada fora de prazo

TERCEIRO PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos da Casa do Concello, advertindo que contra ela os interesados poden interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da data da súa notificación (artigo 116.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; porén, entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 117.2 e 43.2 da dita Lei 30/1992).

Tamén pode impugnarse este acordo cun recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación (artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Contra o recurso de reposición poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou no de seis meses se non o fose.

Este prazo computarase dende o día seguinte ao do que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou dende o día en que deba entenderse presuntamente desestimado (artigo 46.1 e 4 da dita Lei 29/1998).

Oroso, 4 de abril de 2014

O alcalde,

ante min, o secretario

Manuel Miras Franqueira.

Dalmiro Nández Méndez".

(Seguen sinaturas ilexibles).

RECURSOS:

Este acordo pon fin á vía administrativa.

Contra el pode interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da data da súa notificación (artigo 116.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; porén, entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 117.2 e 43.2 da dita Lei 30/1992).

Tamén pode impugnarse este acordo cun recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación (artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).



Expediente: Selección dun arquitecto/a ao abeiro da OEP 2010
Grupo/subgrupo: A/A1
Denominación: Arquitecto
Prazas: 1
Titulación: Arquitectura
Provisión: Concurso-oposición
Quenda: Libre
Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos.
Trámite: PUBLICACIÓN da Resolución da Alcaldía do 04/04/2014 pola que se aproba definitivamente da dita lista

Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou no de seis meses se non o fose.

Este prazo computarase dende o día seguinte ao do que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou dende o día en que deba entenderse desestimado (artigo 46.1 e 4 da dita Lei 29/1998).

Non obstante, poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Oroso, 7 de abril de 2014

O secretario,

Dalmiro Núñez Méndez.



